



MANIFESTO A PROL DUN PORTAL DE IGUALDADE NOS MUSEOS E CENTROS DE ARTE

Os Museos teñen a finalidade de conformar e conservar un acervo propio de obras, ademais de investigar, documentar, expoñer e divulgar a actividade creadora. Estes centros constituíronse ao longo do tempo nos principais entes de lexitimación da cultura visual e finalmente presentan o relato de toda unha comunidade ou territorio.

Por esta razón, os museos, tanto públicos como privados, teñen que traballar a favor da igualdade como dereito fundamental recollido na Constitución Española e, posteriormente, desenvolvido na Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Con todo, historicamente non se fixo xustiza, ao non recoñecer as mulleres como axentes activos da cultura, nin dar visibilidade ás súas obras. É un deber social ineludible velar pola recuperación da súa memoria e dignidade, para impedir que siga desaparecendo o seu legado, de maneira que así se lles recoñeza o valor e o lugar que merecen en prol dunha cultura máis xusta, completa e democrática. Por iso, este Manifesto a prol da Igualdade nos Museos e Centros de Arte, propón que estes se adhiran ao propósito de crear un Portal de Igualdade nas súas páxinas web a fin de obter unha maior visibilidade das achegas das mulleres artistas, en especial das propias de cada territorio.

En concreto, recomendamos comezar por:

- 1.** Analizar a estrutura, as coleccións, as liñas de traballo, así como as accións que se están levando a cabo para conseguir Museos e Centros de Arte en igualdade que atendan aos códigos e manuais das boas prácticas.

- 2.** Completar os fondos museísticos, en función de criterios igualitarios. Estas accións son ineludibles nos centros de arte contemporánea. Alá onde non sexa posible, realizarase unha relectura dos fondos dende unha perspectiva feminista.
- 3.** Promover exposicións e actividades, cunha dotación económica suficiente, en relación cos baleiros e as eivas de obra artística e intelectual realizada por mulleres.
- 4.** Impulsar a creación de equipos de investigación paritarios que estuden e dean visibilidade ás formas de creación de artistas mulleres de todas as culturas, atendendo á súa posición en relación a cuestións de clase social, idade, xeografía e orientación sexual.
- 5.** Velar pola equidade representativa nos órganos de goberno, cargos directivos e persoal contratado nos museos.

A fin de rubricar o compromiso cos puntos anteriores, e conseguir unha redistribución, representación e recoñecemento xusto para as mulleres, propónse a incorporación dun Portal de Igualdade nos Museos e Centros de Arte, de forma que sexan visibles e dispoñibles para todo o público as liñas de traballo, en relación coas coleccións, coas exposicións e coas actividades realizadas desde este prisma de igualdade.

Igualmente establécese o compromiso de traballar cos observatorios culturais públicos xa existentes, para a incorporación de análises e informes que axuden á incorporación de políticas de igualdade nos plans estratéxicos, e accións a levar a cabo desde os Museos e Centros de Arte, sempre contando coa representación social e as boas prácticas.

Fronte á situación actual ante a crise do COVID-19 que acrecenta as fendas de xénero instamos os Museos e Centros de Arte Contemporánea a que se sumen á tarefa de recuperar a saúde cultural, contando e reconstruíndo, en profundidade e en igualdade de condicións, os relatos que sustentan as vidas de todos os seres humanos.

Esta iniciativa, inicialmente dirixida aos Museos e Centros Artísticos do Estado Español, desexamos que poida trasladarse tamén ao ámbito internacional.